



Estimadas familias:

Adxuntamos información do seu interese de caro o fin de curso:

INFORMACIÓN ACADÉMICA:

- **Remate das clases:** día 21 de xuño ás 12:00.
- **Entrega de notas:** día 25 de xuño ás 20:00 (ESO) e ás 20:30 (1º Bac.). O alumnado recibirá os boletíns nas súas aulas.
- **Período de reclamacións:** día 26 de xuño ata as 14:00. (Notificacións das resolucións ao alumnado de ESO e 1º Bach., o día 27 de xuño ás 12:00 en Secretaría).

LIBROS DE TEXTO:

- **Devolución dos libros do Fondo Solidario:** días 19-21 de xuño na Biblioteca segundo o seguinte horario:

	8.30 a 9.20	9.20 a 10.10	10.30 a 11.20	11.20 a 12.10	12.30 a 13.20
19 de xuño	1º ESO A	1º ESO B	1º ESO C	2º ESO A	2º ESO B
20 de xuño	2º ESO C	2º ESO D	3º ESO A	3º ESO B	3º ESO C
21 de xuño	4º ESO A	4º ESO B	4º ESO C	-	-

Lémbrese que deberán entregarse TODOS OS LIBROS RECIBIDOS en PERFECTO ESTADO (ou como se recibiron), sen forrar, sen suliñar e sen nome.

Os alumnos que pensen SUSPENDER algunha materia en xuño poderán quedarse cos libros correspondentes, que deberán devolver en setembro (segundo un horario que se anunciará posteriormente).

O 26 DE XUÑO, os alumnos que aprobasen algunha materia que pensaban suspender, poderán entregar os libros de estas materias na biblioteca de 10.00 a 12.00.

- **Fin do prazo para solicitar as axudas** de libros de texto e material escolar para o curso 2019-2020: día 21 de xuño ata as 14:00 h na Secretaría. Os vales de material serán entregados a partir do 10 de xullo para o alumnado que teña TODO APROBADO.
- **Listaxe provisional de admitidos e excluídos** do Fondo Solidario para o curso 2019-20: publicarase o 10 de xullo no taboleiro do centro. Os excluídos poderán presentar reclamacións os días 11 e 12 de xullo.
- **Listaxe definitiva de admitidos e excluídos** do Fondo Solidario: publicarase o 13 de setembro indicando os libros concretos que lle corresponden a cada alumno. A entrega dos libros farase entre o 16 e o 27 do mesmo mes directamente aos alumnos.
- **Listaxe de libros de texto** para o ano académico 2019-2020: será publicado na derradeira semana de xuño.

MATRÍCULA:

- **Requisitos:** o alumnado que teña todo aprobado deberá MATRICULARSE. O que teña como máximo dúas materias suspensas deberá PREMATICULARSE. Os impresos estarán dispoñibles en conserxería a partir do 14 de xuño. A matrícula formalizarase na secretaria de 9:00 a 13:00.
- **Prazos:**

26 de xuño	Alumnado da ESO (do centro ou procedente doutos centros)
27 de xuño	Alumnado de Bacharelato (do centro ou procedente doutos centros)
28 de xuño	Alumnado de 1º da ESO (procedente do Emilia Pardo Bazán)

A Coruña, 5 de xuño de 2019

A Dirección

